



BASES TÉCNICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN PARA IMPARTIR OS OBRADOIROS DE IGUALDADE, PREVENCIÓN DE VIOLENCIA DE XÉNERO, DIVERSIDADE E EDUCACIÓN AFECTIVO-SEXUAL PREVISTOS NO PROGRAMA “CORUÑA EDUCA” EN CENTROS EDUCATIVOS DA CORUÑA DURANTE O SEGUNDO E TERCER TRIMESTRE DE 2016

1.- OBXECTO E FINALIDADE DA CONTRATACIÓN

É obxecto desta licitación a contratación menor para impartir como máximo un total de 61 obradoiros de “Fomento da Igualdade” e “Prevenición das violencias de xénero” nos niveis de Primaria e ESO; de 21 obradoiros de “Educación na Diversidade” no nivel de ESO; e de 34 obradoiros de “Saúde Afectivo-sexual” a partir de 2º da ESO, difundidos entre os centros educativos do término municipal da Coruña a través do Programa “Coruña Educa” 2015-2016 (www.edu.coruna.es)

Todos os obradoiros desenvolveráanse en horario escolar e no propio centro educativo, comezando en xaneiro e rematando en xuño.

2.- DESCRICIÓN, CONTIDO, PERSOAS DESTINATARIAS, PERÍODO DE REALIZACIÓN E DURACIÓN DOS OBRADOIROS: Ver Anexo 1.

3.- SOLVENCIA TÉCNICA. PERFIL DAS/DOS PROFESIONAIS QUE IMPARTIRÁN OS OBRADORIOS (SOBRE A)

Cada licitador/a deberá detallar o número de profesionais que impartirán cada un dos obradoiros, e acreditará a súa solvencia técnica mediante a cualificación profesional e currículums individualizados das persoas que os impartirán debidamente asinados por cada unha delas e acompañados dunha declaración xurada desas persoas relativa a que os datos que obran nos mesmos son certos. Asimesmo, esas persoas deberán manifestar o seu compromiso de impartir os correspondentes obradoiros caso de resulta-la empresa, o entidade que os presenta, adxudicataria.

Modelo de declaración xurada que se adxuntará co currículum asinado:

D/Dª....., con DNI nº....., declaro que son veraces os datos que figuran no currículum adxunto, e manifesto o meu compromiso de impartir os obradoiros de do programa municipal “Coruña Educa” durante o 2º e 3º trimestres de 2016, caso de resultar a entidade/empresa/profesional.....adxudicataria dos mesmos.

Os requisitos mínimos esixidos para estas/estes profesionais reflíctense no punto 4.2. Estes requisitos mínimos serán comprobados polos técnicos da Concellería e de forma previa antes da apertura das correspondentes ofertas técnica e económica.

O Concello reservase a posibilidade de rexeitar ós licitadores que presenten currículums cuxo perfil non se axuste os requisitos mínimos esixidos.

4.- PROPOSTAS TÉCNICAS DOS LICITADORES (SOBRE B)

*** 4.1. Metodoloxía e recursos didácticos:**

Con carácter xeral deberá terse en conta que as actividades combinen, dependendo da actividade de que se trate, aspectos lúdicos pero que á vez transmitan os obxectivos plantexados conforme a cada obradoiro e nivel, sendo con carácter xeral **participativas, interactivas e creativas**. Terá sempre presente a idade e o nivel ós que van dirixidos cada un dos obradoiros, adaptaranse ás necesidades do alumnado e terán como principal finalidade potenciar o respecto e favorecer habilidades de comunicación e actitudes tolerantes.



Os licitadores deberán integrar o principio de igualdade de xénero tanto na presentación das súas ofertas como no desenvolvemento dos obradoiros, garantizando o uso non sexista da linguaxe (utilización dunha linguaxe inclusiva e neutra), fuxindo de estereotipos e garantindo o enfoque de xénero en todas as actividades de xeito transversal.

A proposta técnica deberá conter como mínimo:

- Unha descrición detallada dun mínimo de dúas actividades por cada bloque de contidos e conforme aos obxectivos planificados en cada obradoiro.
- A metodoloxía empregada para levar a cabo as actividades.
- Os materiais e recursos didácticos específicos empregados para desenvolver cada unha das actividades propostas.
- O cuestionario de avaliación final.

O número de páxinas máximo por cada unha das 4 tipoloxías de obradoiro será de 5, agás nos relativos a saúde afectivo-sexual que poderá ser de 10, letra arial, tamaño 11 a un so espazo e por unha sola cara, quedando excluídas da valoración as ofertas que presente máis páxinas das sinaladas.

* 4.2. Requisitos mínimos das/dos profesionais que impartirán os obradoiros:

Agás para o primeiro obradoiro detallado no Anexo 1 (“diferentes, pero iguais”), no que só será necesario un monitor/a, para o resto dos obradoiros será esixible un mínimo de dúas persoas para a impartición dos mesmos.

As persoas propostas pola adxudicataria para impartir os distintos obradoiros deberán poseer algún dos seguintes grados ou licenciaturas: Psicoloxía, Socioloxía, Pedagogía, Traballo Social, Educación Social, ou titulacións afíns a estas, ou ben estudos de postgrado relacionados cos contidos dos distintos obradoiros.

Os currículos de cada profesional proposto, en función dos catro tipos de obradoiro que se impartirán, deberán acreditar, asimesmo, que contan con formación e/ou experiencia específica en xénero, ou diversidade/interculturalidade, ou en contidos afectivo-sexuais, e experiencia acreditada no desenvolvemento de formación non regrada.

Como mínimo, e para cada profesional proposto para a impartición de cada un dos obradoiros deberá acreditarse un mínimo de tres actividades desenvolvidas (cursos, obradoiros, charlas, etc.) de contidos, obxectivos e finalidades similares ás que se pretenden nesta contratación, **nos últimos tres anos**, con indicación das datas, duración expresada en horas, e destinatarios públicos ou privados das mesmas.

Caso de ser necesaria a substitución dalgunha destas persoas, e sen perxuízo da necesaria comunicación ás responsables da execución do contrato, deberá contarse cunha nova persoa substituta que debe cumprir os requisitos sinalados neste punto, sendo necesaria a acreditación documental correspondente.

Condición especial de execución:

Segundo o disposto no artigo 33 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade efectiva de Mulleres e Homes, e o artigo 118 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de Contratos do Sector Público, sobre condicións especiais de execución do contrato, é requisito que a adxudicataria destine, **alomenos, un 50% de mulleres para a execución do contrato.**

O incumprimento desta condición dará lugar á resolución do contrato.



5.- CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN

*** Mellor oferta económica: 30 puntos** á proposición máis económica, valorándose as restantes segundo a seguinte fórmula:

$$P_i = P_{mxp} \times (\text{Oferta máis económica} / \text{Oferta a valorar})$$

Sendo:

P_{mxp} : Puntuación máxima prevista para o precio como criterio económico

P_i : Puntuación alcanzada pola proposición sujeta a valoración

*** Mellor proposta técnica: 30 puntos**

a) idoneidade das actividades propostas: ata 10 puntos, valorada en función de:

- o a relación detallada e descrición de cada unha das actividades conforme a cada un dos obradoiros de acordo cos contidos e obxectivos plantexados para cada un deles, tendo en conta a adecuación a adecuación das actividades á idade/nivel educativo e a a integración da perspectiva de xénero

b) a metodoloxía proposta: ata 10 puntos, valorada en función de:

- o As diferentes metodoloxías utilizadas en cada unha das actividades propostas para cada obradoiro tendo en conta que deberá ser participativa, inclusiva e creativa, e con integración da perspectiva de xénero.

c) recursos materiais e didácticos: ata 10 puntos, valorada en función de:

- o relación detallada dos recursos didácticos que se empregarán en cada bloque de contidos (de empregarse vídeos, fotografías, cancións, catálogos, guías, prensa, libros ou outros recursos de natureza audiovisual, detallar os títulos, breve descrición e especificacións para cada bloque de contido e actividade), tendo en conta a linguaxe utilizada.

6.- RESPONSABLES DO CONTRATO

As persoas responsables da correcta execución do contrato serán a directora do Centro de Información á Muller (CIM) para os obradoiros de igualdade e diversidade, e a Psicóloga municipal do Centro de Orientación Familiar (COF) para os relativos á saúde afectivo-sexual, as que asimismo presentarán á conformidade ás facturas que se presenten.

A adjudicataria nomeará unha persoa que sirva de interlocutora única coas responsables técnicas municipais, quen se reunirá con elas ós obxecto de coordinar a execución dos obradoiros.

A persoa interlocutora disporá dun móbil de contacto e estará dispoñible ao longo da duración dos obradoiros.

7.- TIPO DE LICITACIÓN

Establécese un tipo de licitación de 21.550 € (IVE INCLUIDO), gasto imputable á aplicación presupostaria 51.231.227.20 do Presuposto municipal vixente.



ORZAMENTO GLOBAL E DESGLOSADO POR OBRADOIRO

O precio/hora máximo é de 50 €.

IGUALDADE	Nº centros	Niveis	Grupos	Trimestre	Nº horas	Coste Estimado Máximo (IVA incluido) (50 €/h)
Fomento da Igualdade						
Diferentes pero iguais (educación para a Igualdade e a convivencia)	1	3º e 4º Primaria	2 grupos (2 h/grupo)	2º	4 h.	200 €
Programación					2h	100 €
Prevención das violencias de xénero						
Libres de etiquetas (socialización diferenciada)	7	1º e 2º ESO	26 grupos (3h/grupo)	2º (15 grupos) 3º(11 grupos)	78 h.	3.900 €
Somos dous, eu tamén conto (relacións sás de parella)	10	3º e 4º ESO	33 grupos (2h/grupo)	2º(17 grupos) 3º(16 grupos)	66h.	3.300 €
Programación					5h	250 €
DIVERSIDADE						
Sensibilización en interculturalidad e e Igualdade	7	1º e 2º ESO	21 grupos (3h/grupo)	2º (11 grupos) 3º (10 grupos)	63h.	3.150€
Programación					4h	200€
EDUCACIÓN AFECTIVO-SEXUAL						
Saúde Afectivo-sexual	8	6 (2ºESO) 12 (3º ESO) 16 (4º ESO)	34 grupos (6 h/grupo)		204h.	10.200
Programación					5h	250€
TOTAL HORAS/ COSTE ESTIMADO (IVA incluido)					431h.	21.550€

8.- FACTURACIÓN E PENALIDADES POR INCUMPRIMENTO

O importe a percibir pola entidade ou empresa adxudicataria estará condicionado aos obradoiros que efectivamente sexan impartidos, salvo que por causas alleas á entidade ou empresa adxudicataria e habéndose desprazado o persoal ao centro educativo na data e horario establecido previamente, non se puidera realizar o obradoiro.

A facturación será trimestral, debendo presentarse cada factura ó final de cada trimestre académico no que se realicen os obradoiros, con detalle da denominación dos mesmos, nº de impartidos e horas de duración.

Estímase un máximo de 16 horas de coordinación para cada tipoloxía dos obradoiros:

- 2 h para os de Fomento da Igualdade
- 5 h para os de Prevención das violencias de xénero
- 4 h para os de Diversidade
- 5 h para os de Educación Afectivo-Sexual

A totalidade destas horas de coordinación (16 horas), serán aboadas na primeira factura, e ó seu prezo será o do prezo/hora ofertado pola adxudicataria.

Penalidades: Da correspondente facturación trimestral, e previo informe das responsables municipais da execución do contrato notificado á adxudicataria e despois dun período de audiencia de 10 días, poderán descontarse da facturación as seguintes porcentaxes:

- 10% da facturación trimestral que corresponda, no suposto de non impartición dun obradoiro calendarizado, sen previo aviso ás responsables da execución do contrato. Esta penalidade será do 20% caso de non impartición de dous ou máis obradoiros.
- 5% da facturación trimestral que corresponda, no suposto de substitución dalgún dos profesionais que impartirán os obradoiros, sen previo aviso, ou sen xustificación documental dos seus requisitos de acordo co previsto nestas Bases. Aplicarase tamén esta penalización caso de variación da calendarización prevista sen previo aviso.

9.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS

LUGAR: Concellería de Igualdade e Diversidade (Pazo Municipal, 2º andar. Praza de María Pita. 15001 A Coruña). Horario: de 8.00 a 15.00 horas.

PRAZO: dez días naturais a contar desde o seguinte ó de publicación destas bases no perfil do contratante do Concello da Coruña.

FORMA: 3 sobres, debidamente pechados, que conterán a seguinte documentación:

- **SOBRE A** (Documentación Administrativa): Neste sobre incorporaranse ás declaracións responsables relativas ós currículums profesionais de cada unha das persoas que impartirán ós obradoiros ós que se refiren os puntos 3 e 4.2. destas bases, así como a declaración responsable que figura no Anexo 2 destas mesmas bases.
- **SOBRE B** (Proposta Técnica): de acordo co disposto no punto 4.1 destas Bases.
- **SOBRE C** (Oferta Económica): Incorporarase á oferta económica de acordo co seguinte modelo:

D/Dona....., DNI nº....., actuando en nome propio ou como representante da empresa/entidade..... CIF....., enterado das bases técnico-administrativas que rixen a contratación dos obradoiros de fomento da igualdade, prevención da violencia de xénero, educación na diversidade e educación afectivo-sexual en centros educativos da Coruña



durante o segundo e tercer trimestre de 2016, comprométese á realización dos mesmos de acordo coa seguinte oferta económica:

- A) Prezo/hora SEN IVE _____ euros
B) IVE (%_____) _____ euros
C) TOTAL Precio/hora (A+B) _____ euros

D) TOTAL PREZO DO CONTRATO: 431 HORAS X C= _____ EUROS (IVA INCLUIDO)

E para que así conste, e ós efectos oportunos, asino a presente oferta en..., a... de... de 2016.

Da presentación dos tres sobres extenderase dilixencia de presentación asinada pola funcionaria receptora.

10.- XESTIÓNS DA EMPRESA ADXUDICATARIA COS CENTROS EDUCATIVOS

A entidade ou empresa adxudicataria porase en contacto directo cos centros educativos solicitantes dos distintos obradoiros (unha vez lle sexa indicado tal aspecto por parte do persoal municipal do CIM e do COF responsables da execución do contrato) para fixar as datas e horarios de intervención dentro das marxes temporais fixadas polo Concello, isto é, de xaneiro a xuño de 2016 para a totalidade dos obradoiros comprendidos na contratación.

O CIM e o COF facilitarán á entidade ou empresa adxudicataria os correos electrónicos, teléfonos e persoa de contacto nos centros educativos para a realización da calendarización.

Unha vez realizada a calendarización, facilitarase - preferentemente por correo electrónico - ao CIM e ó COF o calendario previsto, no que se recollerá o centro educativo, denominación do obradoiro, nivel, aula, data, horario e nome da/o profesional docente.

Calquera cambio na calendarización deberase comunicar o antes posible e de forma previa á realización do obradoiro ao CIM e o COF .

Os obradoiros desenvolveranse no período especificado polo CIM e o COF, tendo como referencia xeral o exposto no primeiro párrafo deste epígrafe. De modificarse o período estipulado de execución por parte do Concello, este período será menor a seis meses. Este aspecto deberá ser tido en conta de cara a destinar os recursos humanos necesarios para a realización dos obradoiros nun período máis curto de tempo.

11.- ASIGNACIÓN DE PERSOAL ÁS ACTIVIDADES

Antes do comezo da prestación do servizo a entidade ou empresa adxudicataria comunicará ás responsables municipais da execución do contrato as persoas que impartirán os obradoiros debidamente calendarizados, mantendo o dito persoal ao longo do período de duración de aqueles, salvo causa xustificada que será comunicada as persoas responsables municipais da execución de cada un dos obradoiros. Calquera cambio destas persoas asignadas deberá ser comunicado cunha antelación mínima dunha semana.

12.- INFORMES PUNTUAIS E MEMORIA FINAL

Unha vez finalizados os obradoiros, e no prazo de 15 días, a entidade ou empresa adxudicataria facilitará ás responsables municipais deste contrato unha memoria final sobre o desenvolvemento dos obradoiros que conterá como mínimo os seguintes aspectos:

- centros participantes, e de cada un:
- grupos/niveis participantes por obradoiro
- nº de participantes en cada obradoiro desagregados por sexo,
- nº horas realizadas por centro.




- resultados da enquisa de avaliación

Igualmente, é importante que se recollan non só datos cuantitativos senón un breve resúmen das actividades realizadas, a modo de valoración cualitativa que faga constar e sirva ao persoal municipal para testar a situación real do alumnado na materia de que se trate a través dos comentarios, aportacións ou participación daquel nas actividades programadas, así como unhas conclusións e suxestións de mellora.

Igualmente e de xeito puntual poderase solicitar un informe parcial do traballo realizado.

13.- SUBCONTRATACIÓN

Non se admite.


A Coruña, a 18 de xaneiro de 2016
M^a Begoña López García
Técnica de Administración Xeral A1



ANEXO 1

DESCRIPCIÓN, CONTIDO, PERSOAS DESTINATARIAS, PERÍODO DE REALIZACIÓN E DURACIÓN DOS OBRADOIROS

FOMENTO DA IGUALDADE

Obradoiro: "Diferentes pero Iguais" (educación para a igualdade e a convivencia)

DESCRIPCIÓN

Este obradoiro trata de favorecer a adquisición de coñecementos e o desenvolvemento de actitudes conducentes á igualdade de trato e oportunidades entre as nenas o os nenos.

PERSOAS DESTINATARIAS

Alumnado de 3º e 4º curso de Educación Primaria e profesorado de centros educativos do termo municipal da Coruña.

PERÍODO DE REALIZACIÓN

2º Trimestre

OBXECTIVOS

- Contribuír á constatación do enriquecemento que supoñen as diferenzas por razón de sexo, imaxe, orixe, raza, costumes culturais, capacidades físicas ou intelectuais.
- Estimular a cooperación e o traballo en equipo como base dunhas relacións interpersoais non competitivas e non conflitivas.
- Transmitir a importancia de ser solidarios e solidarias con cuestións que en principio non lles afecten directamente.
- Potenciar a importancia de ser capaces de defender as ideas, desexos e intereses sendo capaces de poñerse no lugar das demais persoas.
- Incidir na importancia de ser autónomos/as ou de valerse por sí mesmos/as.

CONTIDOS

Bloque 1. A importancia de ser diferente

- Segundo o país de orixe, cultura, cor da pel.
- Por ser nena ou neno.
- Pola imaxe exterior da persoa.
- Por algunha discapacidade física, psíquica ou psicolóxica.

Bloque 2 O traballo dentro e fóra do fogar

- O traballo no fogar: tarefas domésticas, apoio e coidado dos membros da familia.
- A corresponsabilidade na familia.
- O traballo fora da casa: profesións sin sexo.

Contidos transversais:

- Traballo en equipo.
- Habilidades sociais e comunicativas: asertividade, expresión de sentimentos e emocións, empatía.
- Autoestima.

DURACIÓN: Desenvolverase en dúas sesións de 1 hora de duración cada unha, secuenciadas consecutivamente e o máis próximas no tempo posible.



PREVENCIÓN DAS VIOLENCIAS DE XÉNERO

Obradoiro 1: "Libres de Etiquetas" (socialización diferencial)

DESCRICIÓN

Este obradoiro trata de favorecer que as rapazas e os rapaces poidan desenvolverse e relacionarse libres de prexuízos, estereotipos de xénero e presións sociais e mediáticas vencelladas co xénero que dificultan unhas relacións interpersonais entre ambos sexos saudables e en igualdade.

PERSOAS DESTINATARIAS

Alumnado de 1º e 2º da ESO, profesorado e orientadores/as de centros educativos do termo municipal da Coruña.

PERÍODO DE REALIZACIÓN

2º e 3º trimestre

OBXECTIVOS

- Proporcionar ao alumnado coñecementos que lle permitan analizar e contrastar de xeito crítico o que se espera das rapazas e dos rapaces en función do seu sexo e dos valores e contexto cultural no que se desenvolven.
- Aportar estratexias ao alumnado que lle permitan discriminar e valorar as consecuencias positivas e negativas que respecto do seu desenvolvemento exercen os diferentes axentes de socialización (especial fincapé no grupo de iguais e redes sociais).
- Facilitar ao alumnado a análise crítica ben de contidos audiovisuais amosados polos medios de comunicación, ben de contidos asociados ás redes sociais tanto pola importancia que teñen na construción da súa identidade persoal e social como polo modelo de relacións de parella/noivado que fomentan.

CONTIDOS

1ª sesión: "Etiquetadas e etiquetados" (etiquetas de xénero)

- Os estereotipos e roles de xénero.
- A socialización diferencial de xénero: axentes socializadores. Especial consideración do grupo de iguais e do papel das redes sociais.

2ª sesión: Construción mediática da identidade

- Publicidade sexista.
- Música, cine e series de televisión con contidos sexistas.
- Redes sociais e identidade.

DURACIÓN: Desenvolverase en tres sesións de 1 hora cada unha, secuenciadas consecutivamente e o máis próximas no tempo posible.

Obradoiro 2: "Somos dous, eu tamén conto" (relacións sas de parella)

DESCRICIÓN

Este obradoiro trata de contribuir a que o alumnado tome conciencia e desenvolva unha actitude analítica e crítica fronte á discriminación por razón de xénero e fronte a violencia de xénero.

PERSOAS DESTINATARIAS

Alumnado de 3º e 4º da ESO, profesorado e orientadores/as de centros educativos do termo municipal da Coruña.



PERÍODO DE REALIZACIÓN

2º e 3º trimestre

OBXECTIVOS

- Facilitar ao alumnado a identificación de situacións nas relacións nas que se produce discriminación por razón de xénero e situacións de violencia de xénero.
- Traballar co alumnado estratexias que potencien actitudes de análise e críticas fronte as desigualdades e a violencia de xénero, favorecendo o desenvolvemento de habilidades de comunicación necesarias para unha resolución de conflitos non violenta: escoita activa, expresión de sentimentos e emocións, empatía, asertividade.
- Incidir sobre as actitudes e condutas positivas do alumnado nas que se constate a existencia dunhas relacións afectivo - emocionais saudables nunha relación de parella ou noivado e a erradicación de mitos e estereotipos perxudiciais nas mencionadas relacións.

CONTIDOS

1ª sesión: **“O amor non é cego” (o amor romántico)**

- Os mitos do amor romántico.
- Relacións afectivo emocionais saudables.
- Formas de evidenciar situacións saudables e non saudables nas relacións de parella.
(o desenvolvemento desta sesión suporá desdoblar o grupo-clase en dous grupos, un coas rapazas e outro cos rapaces, para o que será preciso contar simultaneamente con dúas aulas).

2ª sesión: **O bo trato fronte ao mal trato e a educación emocional**

- A discriminación e a violencia de xénero.
- A violencia de xénero, unha problemática social.
- A educación emocional e a construción de relacións interpersonais e de parella positivas.

DURACIÓN :Desenvolverase en **dúas sesións de 1 hora** cada unha, secuenciadas consecutivamente o máis próximas no tempo posible.

EDUCACIÓN NA DIVERSIDADE

Obradoiro: Sensibilización en Interculturalidade e Igualdade

DESCRICIÓN

Este obradoiro promove a convivencia intercultural desde o respecto á diferenza, incorporando a perspectiva de xénero e no marco da Declaración dos Dereitos Humanos.

PERSOAS DESTINATARIAS

Alumnado de 1º e 2º da ESO, profesorado e orientadores/as de centros educativos do termo municipal da Coruña.

PERÍODO DE REALIZACIÓN

2º e 3º trimestre

OBXECTIVOS

Obxectivo xeral:

- Promover no alumnado
 - unha actitude analítica, crítica e aberta á diversidade por razón de nacemento, raza, sexo ou trazos culturais.



- unha visión non estereotipada e parcial do movemento migratorio, en especial da inmigración feminina.

Obxectivos específicos:

- Fundamentar o desenvolvemento do obradoiro no cumprimento dos dereitos humanos que asisten a todas as persoas.
- Desenvolver actividades que
 - favorezan a escoita activa, porse no lugar doutras persoas, respectando diferentes formas de relacionarse, diferentes puntos de vista e, polo tanto, favorecendo o diálogo e a convivencia intercultural.
 - favorezan o recoñecemento mutuo e a valoración positiva do enriquecemento que supón a relación entre persoas procedentes doutros países e a poboación do país de acollida.
- Contribuir a desmontar os estereotipos e prexuízos existentes hacia as persoas inmigrantes, analizando como aqueles condicionan as actitudes e formas de relacionarse e facendo especial fincapé nos que afectan ás rapazas e mulleres inmigrantes.
- Proporcionar coñecementos sobre mecanismos de transmisión e mantemento de estereotipos e prexuízos cara as persoas inmigrantes.
- Propociornar coñecementos relativos aos procesos migratorios na cidade da Coruña, analizando os mesmos desde unha perspectiva de xénero.
- Facilitar que o alumnado recoñeza o importante valor das aportacións da poboación inmigrante, con especial fincapé nas aportacións das mulleres ás diferentes culturas.
- Motivar a expresión individual e grupal do alumnado a través da realización dun traballo que - a modo de decálogo de convivencia intercultural con perspectiva de xénero - reflecta o aprendido nas diferentes sesións.

CONTIDOS

- Declaración de Dereitos Humanos, dereitos e liberdades constitucionais
- Migración, Interculturalidade e Igualdade
 - Migración: procesos migratorios na cidade da Coruña
 - Países de procedencia comunitarios e extracomunitarios
 - Datos poboacionais desagregados por sexo
 - Necesidades e boas prácticas: a *“Escola intercultural de apoio educativo e promoción social”*.
 - Interculturalidade e Igualdade
 - Relacións interculturais e afrontamento de conflitos interculturais
 - Rapazas e Mulleres do Mundo
 - Literatura didáctica sobre a Interculturalidade e Igualdade
- Convivencia intercultural
 - Percepción dun/dunha mesmo/a dos/as demais: trazos persoais
 - Os inimigos da convivencia: estereotipos, prexuízos e descoñecemento da realidade
 - Comportamentos e valores transmitidos na sociedade
 - Análise dalgún medio de comunicación
 - Os amigos da convivencia: escoita activa, asertividade e empatía

DURACIÓN: Desenvolverase en tres sesións de 1 hora cada unha, secuenciadas consecutivamente o máis próximas no tempo posible.

EDUCACIÓN AFECTIVO-SEXUAL

Obradoiro: Saúde afectivo-sexual



DESCRIPCIÓN

Realmente é un programa educativo que comprende unha serie de obradoiros sobre saúde afectivo-sexual dende unha perspectiva de xénero, nos que se traballa nas diferenzas de valores emocionais, afectivos e sexuais que nos transmiten como persoas segundo sexamos mulleres ou homes; as repercusións que teñen nas nosas vidas e o impacto causado, neste ámbito, polos roles socialmente establecidos.

OBXECTIVOS

Ofrecer ferramentas educativas, informativas e de sensibilización para promover unha sexualidade igualitaria, libre, sá e pracenteira.

Asimismo, a realización destas actividades en coordinación co centro escolar potencia tamén a sensibilización dos axentes educativos e a normalización dentro das aulas da educación afectivo-sexual.

PERSOAS DESTINATARIAS

Alumnado a partir de 2º da ESO.

PERÍODO DE REALIZACIÓN

2º e 3º trimestre

CONTIDOS

Non existe unha sexualidade normal, axeitada ou correcta. Todo aquilo que provoque un desexo ou unha curiosidade, é adecuado. Só hai unha regra para unha sexualidade asudable: o respecto cara unha/un mesma/ou e cara ás demais persoas.

OBXECTIVOS

- Crear un espazo onde poder falar con liberdade, nun clima de confianza e dende a igualdade de xénero, en torno ao tema da sexualidade.
- Facilitar a revisión e cuestionamento de mitos e conceptos falsos relacionados coa expresión de emocións e sentimentos.
- Previr condutas e a linguaxe sexista traballando a corresponsabilidade.
- Incidir sobre temas relacionados cos dereitos sexuais e reprodutivos entre adolescentes.
- Cuestionar determinadas actitudes sexuais e afectivas (como poden ser as homófobas ou sexistas), potenciando a tolerancia e o respecto como base para unhas relacións positivas entre as persoas dende a igualdade de xénero.
- Dotar de recursos e orientar para unha correcta toma de decisións e para a asunción das responsabilidades en relación a unha/un mesma/ou e cara ás demais persoas.
- Favorecer a prevención de condutas de risco nas relacións sexuais.
- Sensibilizar fronte aos conflitos entre desexos, valores, normas sociais e culturais.
- Proporcionar unha relación de recursos e servizos de interese para a xuventude (centros de atención psicoafectiva, teléfonos, correos electrónicos, webs oficiais...).

DURACIÓN

6 horas, acordando os horarios co centro educativo para poder realizalos.

ANEXO 2

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Denominación do contrato:

Data da declaración:

DATOS DA PERSOA DECLARANTE:

Nome:

Apelidos:

NIF:

Teléfono:

Fax:

Correo electrónico:

Dirección a efectos de práctica de notificacións:

As notificacións en relación á presente licitación e ós efectos que da mesma se deriven, deberán practicarse en: _____

En caso de actuar en representación:

Entidade mercantil á que representa:

CIF:

Cargo:

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- Que nin o asinante da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, atópanse incursos en suposto algún aos que se refire o artigo 60 do Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP).
- Que no forma parte dos Órganos de Goberno ou Administración da entidade ningún alto cargo aos que se refire a Lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984 de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, da Lei 9/1996, de 18 de outubro, de incompatibilidades dos membros da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración autonómica, nin se trata de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime electoral xeneral, nos termos establecidos na mesma.
- Que nin o asinante da declaración, nin ningún dos administradores ou representantes da entidade á que represento, é cónxuxe, persoa vinculada con análoga relación de convivencia afectiva ou descendentes das persoas ás que se refire o parágrafo anterior (sempre que, respecto de estes últimos, ditas persoas ostenten a súa representación legal).
- Que a entidade atópase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal e autonómica impostas polas disposicións vixentes.
- Que a entidade atópase ao corrente no cumprimento das obrigas de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Que a entidade atópase ao corrente no cumprimento das obrigas de alta e pago ou exención do Imposto de Actividades Económicas impostas polas disposicións vixentes, o que xustificará documentalmente no momento en que sexa requirido.
- Que, en relación co establecido no artigo 145.4 do TRLCSP e no artigo 86 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas sobre empresas vinculadas, a entidade mercantil á que represento (consignar o que proceda):
 - * Non pertence a un grupo de empresas nin estar integrada por ningún socio no que concorra algún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.
 - * Pertence ao grupo de empresas ou está integrada por algún socio no que concorre algún dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio. A



denominación social das empresas vinculadas é a seguinte:

- a)
 - b),
- etc.

AUTORIZO ao órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que foran necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

Sinatura: